

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES, A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E AS ORGANIZACIÓNS NON GOVERNAMENTAIS SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL DE GALICIA, ASOCIACIÓN GALEGA DE COMUNICACIÓN PARA O CAMBIO SOCIAL (AGARESO) E ASOCIACIÓN ECOS DO SUR PARA O APOIO CONXUNTO AO PROXECTO GALICIA ABRIGA: PROGRAMA GALEGO DE ACOLLIDA TEMPORAL A MULLERES DEFENSORAS DE DEREITOS HUMANOS (II EDICIÓN)

REUNIDOS

Dunha parte, Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, nomeado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte, Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte,

Rubén Campo Gil, en calidade de presidente de Solidariedade Internacional de Galicia con NIF G36833648, e con capacidade legal para asinar convenios, segundo consta nos estatutos da entidade.

Lorena Seijo Sanmiguel, en calidade de coordinadora técnica da Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (AGARESO) con NIF G36589844, e con poderes de representación legal segundo consta no poder número 968 asinado o 14 de maio de 2018 ante a notaría Inmaculada Espiñeira Soto.

María Marcela Fernández Cioccale, en calidade de presidenta da Asociación Ecos do Sur con NIF G15354483, e con capacidade legal para asinar convenios, segundo consta nos estatutos da entidade.



As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio e, a estes efectos,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, segundo o disposto no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, configúrase como o órgano superior da Administración autonómica de apoio, asistencia e asesoramento á persoa titular da Presidencia en todas as actuacións sobre relacións coa Unión Europea, acción exterior, análise da contorna internacional e cooperación ao desenvolvemento, que ten entre as súas competencias a de impulsar a aplicación transversal do principio de igualdade de xénero no exercicio das competencias en materia de acción exterior, análise da contorna internacional e cooperación ao desenvolvemento.

SEGUNDO. De acordo co artigo 29.1.a) do Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, a Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero ten entre as súas funcións impulsar as actuacións conducentes á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e na demais lexislación aplicable na materia.

TERCEIRO. A Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia establece, no seu artigo 80, que son principios orientadores da política pública autonómica de cooperación para o desenvolvemento, entre outros, a centralidade do ser humano como protagonista e destinatario de toda actuación de cooperación para o desenvolvemento, no marco do recoñecemento da súa liberdade e dignidade e da realización efectiva dos dereitos humanos, individuais e colectivos; o exercicio pleno e integral dos dereitos da infancia e a igualdade de xénero, o empoderamento e o exercicio pleno e efectivo dos dereitos das mulleres, desenvolvendo actuacións positivas e considerando nas actuacións as diferentes situacións, condicións e necesidades de homes e mulleres, a todos os niveis e nas distintas fases de planificación, execución e avaliación; e a xustiza, a liberdade e a igualdade nas relacións entre as persoas, as comunidades, os pobos e os países, así como a prevención e resolución pacífica dos conflitos, fortalecendo a convivencia e a paz.

Dispón o artigo 81 desta lei que son obxectivos da política pública autonómica de cooperación para o desenvolvemento, entre outros, o de propiciar sociedades pacíficas, xustas e inclusivas dentro dun marco democrático e de respecto e realización dos dereitos humanos, contribuíndo á superación dos contextos e das situacións de violencia, vulnerabilidade, exclusión e marxinação económica, política, social ou ambiental; así como o de colaborar na creación dunha alianza internacional a favor da acollida de persoas migrantes e exiliadas.



CUARTO. Neste sentido, o V Plan Director da Cooperación Galega (2023-2026), aprobado polo Parlamento de Galicia o día 15 de xuño de 2023, establece como ámbitos estratéxicos a promoción da garantía e defensa dos dereitos humanos, a democracia e o fortalecemento da sociedade civil organizada (AE4) e impulsar a igualdade de xénero cun enfoque feminista, interseccional e de diversidade, o apoderamento e o exercicio de dereitos das nenas, adolescentes e mulleres e o fortalecemento das súas organizacións (AE3); nomea entre os colectivos prioritarios ás persoas defensoras dos dereitos humanos e a sociedade civil organizada en contextos de represión, persecución e regresión democrática e autoritarismo con restrición dos dereitos e as liberdades fundamentais; sinala, entre as prioridades transversais, a igualdade de xénero e recoñece, por último, o papel das persoas defensoras da natureza e do territorio, pobos indíxenas e comunidades tradicionais, fomentando a protección tanto da súa cultura, como do seu territorio e medios de vida.

QUINTO. No mes de decembro de 2017 aprobouse o Pacto de Estado contra a violencia de xénero, que consta de 10 eixos e un total de 292 medidas competencia tanto da Administración Xeral do Estado, como das Comunidades Autónomas e das entidades locais, o cal recolle varias medidas en materia de cooperación internacional, tales como promover que no marco da cooperación internacional se destinen recursos para medidas específicas contra a violencia machista dentro dos protocolos de actuación en campos de refuxiados e refuxiadas (trata, agresións sexuais...) (Medida 36 do documento refundido final do Pacto de Estado contra a violencia de xénero) ou instar a que nos recursos dedicados por España á cooperación internacional para refuxiados e refuxiadas se apliquen medidas específicas para a prevención da violencia machista contra as mulleres e menores de idade, tanto en tránsito como en destino (Medida 37 do documento refundido final do Pacto de Estado contra a violencia de xénero).

O día 25 de novembro de 2021, catro anos despois da aprobación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero de 2017, a maioría dos grupos políticos con representación parlamentaria asinaron un acordo de renovación do Ditame, onde novamente se plasmou a vontade de todos os actores institucionais de seguir traballando polo cumprimento das medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e o establecemento dun marco ampliado e permanente para o desenvolvemento de políticas públicas que o fortalezan.

En base a todo o anterior, o 22 de xullo de 2022 a Conferencia Sectorial de Igualdade aprobou o Acordo relativo ao establecemento dun marco de actuación conxunta que garanta a prorroga e permanencia das políticas públicas e os servizos que se derivan do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. Este acordo ten por obxecto impulsar o deseño de mecanismos de colaboración que garantan a estabilidade orzamentaria e administrativa, de maneira que permitan sosteñer os actuais e futuros servizos vinculados ao Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, así como asegurar a existencia, en todo o territorio do Estado, dun conxunto de servizos mínimos de acordo coas competencias propias de cada administración, que garantan o exercicio efectivo dos dereitos das vítimas de violencia contra as mulleres consagrados na lexislación



estatal vixente, e, en particular, na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e na Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual.

A Resolución do 16 de marzo de 2023, da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade, do 3 de marzo de 2023, polo que se aproba o plan conxunto plurianual en materia de violencia contra as mulleres (2023-2027), inclúe no seu Anexo I o Catálogo de referencia de políticas e servizos en materia de violencia contra as mulleres. No apartado 3 deste acordo, relativo á Protección e o acceso á xustiza, inclúense varias medidas para garantir a protección e a seguridade das vítimas de violencia contra as mulleres, e dos seus fillos e fillas, como o impulso de medidas para que as vítimas contén con protección efectiva fronte a represalias ou ameazas.

SEXTO. A defensa dos dereitos humanos segue sendo, a pesar do recoñecemento internacional ao labor das persoas defensoras de dereitos humanos, unha actividade de alto risco en moitas partes do mundo, e o é especialmente para as mulleres defensoras de dereitos humanos, as cales enfrontan os mesmos riscos que os homes que defenden dereitos humanos, pero, ademais, deben enfrontar aqueles vinculados a ser muller, polas fortes normas e tradicións socioculturais machistas e a violencia cara ás mulleres exercida en todos os lugares do mundo. Neste contexto xorden os Programas de Protección Temporal, entendidos como estratexias de apoio e acompañamento internacional que dan lugar á protección da vida e á integridade física das persoas defensoras e ás súas familias.

Neste contexto xorde en 2023 o programa de protección temporal que se desenvolveu nos anos 2023 e 2024 Galicia Abriga: Programa Galego de Acolida Temporal a Mulleres Defensoras de Dereitos Humanos, estratexia de apoio e acompañamento internacional dirixido á protección da vida e á integridade física de mulleres defensoras e ás súas familias.

No marco deste programa, creouse a marca de Galicia Abriga, a súa web e redes sociais, conseguíuse o recoñecemento como programa da Oficina de Dereitos Humanos e a unión a Rede Prol-tecer e a EUTRP (European Union Temporary Relocation Platform); en febreiro de 2024, lanzouse a primeira convocatoria e durante os meses de maio a agosto de 2024, acolleuse as 3 primeiras mulleres defensoras pertencentes a organizacións sociais do Salvador e República Dominicana, con quen se deseñou unha axenda individualizada que alternou atención médica e psicosocial, formación especializada para mulleres defensoras de DDHH, encontros con organizacións sociais galegas e participación en espazos de incidencia, reunións con representantes políticos e actividades de lecer e tempo libre.

Neste marco preténdese desenvolver o segundo programa de acolida temporal a mulleres defensoras de dereitos humanos, co obxectivo da promoción da defensa dos dereitos humanos en países onde a cooperación galega ten presenza, para que as mulleres defensoras poidan realizar a súa labor de defensoría en condicións seguras.



Estas mulleres pertencerán a organizacións e movementos sociais de países nos que a Cooperación Galega ten presenza, que ven ameazada a súa vida ou integridade física e psicolóxica, con motivo do seu labor, contribuíndo a que saian do contexto de risco no que se atopan, fortalecendo as súas capacidades e mellorando o seu benestar. Á súa vez, tamén se crearán espazos nos que se difunda a axenda de defensa de dereitos das súas comunidades, organizacións ou movementos sociais, así como de denuncia das violacións de dereitos humanos das que foi obxecto e de aproximación ao contexto do país.

Dada a concorrencia de intereses públicos, de cuxa xestión son responsables a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, e a Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, ambas consellerías consideran a necesidade de traballar conxuntamente para desenvolver o proxecto *Galicia Abriga: Programa Galego de Acolida Temporal a mulleres defensoras de Dereitos Humanos (II Edición)*.

SÉTIMO.- Que as tres organizacións coas que se asina o presente convenio, Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (AGARESO) e Asociación Ecos do Sur teñen personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar e contan, así mesmo, con experiencia e competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

OITAVO.- Que todas as partes son conscientes de que é preciso aunar esforzos para promocionar a defensa dos dereitos humanos en países onde a cooperación galega ten presenza, para que a as mulleres defensoras poidan realizar a súa labor de defensoría en condicións seguras.

NOVENO.- Así, tendo en conta as anteriores consideracións, todas as partes, coincidindo en que a iniciativa obxecto do convenio é de claro interese público, e que é de común interese para todas e harmoniza cos fins dunhas e doutras, acordan asinar o presente convenio que se desenvolverá de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería de Política Social e Igualdade, e as organizacións non gobernamentais Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (AGARESO) e Asociación Ecos do Sur para a execución do proxecto *Galicia Abriga: Programa galego de acolida temporal a mulleres defensoras de dereitos humanos (II Edición)*.

O proxecto que se pretende desenvolver neste ano 2025 é a segunda edición de *Galicia Abriga*, co obxectivo de promocionar a defensa dos dereitos humanos en países onde a



cooperación galega ten presenza, para que a as mulleres defensoras poidan realizar a súa labor de defensoría en condicións seguras.

SEGUNDA.- Obrigas de Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (AGARESO) e Asociación Ecos do Sur

As entidades asinantes do presente convenio deberán:

1. Executar o proxecto referido na cláusula primeira.
1. Aportar 2.574,48 € para a execución do proxecto.
2. Destinar os fondos percibidos para financiar esa actuación.
3. Consentir expresamente a publicación da axuda concedida no Diario Oficial de Galicia, na páxina web oficial e nos rexistros públicos, consonte co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 e no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. De acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades comprométese a dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto do convenio, ao cumprimento de todas as condicións e obrigas recollidas neste convenio, e ao sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.
5. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas.
6. Conservar todos os comprobantes de gasto durante un período de 4 anos, coa excepción dos casos suficientemente xustificadas e autorizados pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.
7. Xustificar, mediante declaración asinada e previamente ao cobro de calquera dos pagos da subvención, estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro. As entidades, conforme co establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, autorizan ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban remitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.
8. Velar porque tanto os restantes partícipes como a cidadanía con ela relacionada teñan coñecemento do financiamento desembolsado pola Xunta de Galicia e do apoio desta á acción.



9. Incorporar de forma visible en todas as accións derivadas das actividades subvencionadas o logotipo oficial da Xunta de Galicia, do Ministerio de Igualdade, do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e da Cooperación Galega, para facilitar a debida difusión da orixe da subvención.
10. Solicitar autorización previa e expresa para calquera modificación substancial do proxecto, entendendo por tal aquela que afecte aos seus obxectivos, resultados, persoas beneficiarias, lugar e prazo de execución ou xustificación. As solicitudes de modificacións substanciais do convenio deberán estar suficientemente motivadas e ser formuladas por escrito dirixido ao director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, que resolverá e notificará no prazo dun mes sobre a súa autorización ou denegación.
11. De acordo co que establece o artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as entidades beneficiarias asumirán os compromisos de execución do convenio e o importe da subvención será xestionado por cada unha delas, de acordo coa seguinte distribución: 18.400,00 € por Solidariedade Internacional de Galicia, 12.500,00 € por Asociación Galega Comunicación para o Cambio Social (AGARESO) e 17.112,00 € por Ecos do Sur.

TERCEIRA.- Convenio marco de colaboración entre as entidades asinantes

Para garantir a operatividade deste convenio, as tres entidades participantes teñen asinado con data 7 de marzo de 2025 un acordo de colaboración, no que fan constar que, a efectos de notificacións, comunicacións, pagamentos e presentación de informes, será Solidariedade Internacional de Galicia quen asuma o liderado ante a Xunta de Galicia, sendo o resto de entidades asinantes responsables solidarias ante ela.

CUARTA.- Obrigas da Xunta de Galicia

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, do custo total do proxecto, que ascende a sesenta e oito mil cento vinte e seis euros con cincuenta e un céntimos (68.126,51 €), aboará a Solidariedade Internacional de Galicia a contía máxima de corenta e oito mil doce euros (48.012,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.07.331A.481.0 do orzamento vixente para o ano 2025. Esta cantidade representa o 70,47% do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.

Desta contía de corenta e oito mil doce euros (48.012,00 €), o importe de vinte e catro mil seis euros (24.006,00 €) corresponden a fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de Igualdade), achegados pola Consellería de Política Social e Igualdade con cargo a aplicación orzamentaria 08.06.313D.481.2 (Código de Proxecto 2018 00112), mediante a correspondente modificación orzamentaria na aplicación 05.07.331A.481.0 da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

As entidades poderán recorrer a terceiras fontes ou a diversos patrocinadores externos, previa consulta á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, pero en calquera caso todo incremento nos custos de execución será a risco e ventura das entidades, que



asumirán os custos asociados aos proxectos derivados da supervisión técnica, para dar fiel cumprimento aos obxectivos do proxecto.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Xunta de Galicia, de tal maneira que por este concepto non se poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

QUINTA.- Pagamentos anticipados

Tras a sinatura do presente convenio, previa petición de Solidariedade Internacional de Galicia, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE concederá un anticipo pola contía máxima da subvención concedida, de acordo co previsto no artigo 94.3.a) da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, para afrontar os pagos inmediatos que conleve a execución deste proxecto.

Coa solicitude do anticipo cada unha das entidades asinantes deberá presentar:

- Declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11, letra d), da citada Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración, asinada electronicamente por cada unha das entidades asinantes, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedora por resolución de procedencia de reintegro de acordo co establecido no artigo 10.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os fondos faranse chegar por transferencia bancaria á conta corrente que Solidariedade Internacional de Galicia indique, mediante a presentación da certificación na que conste a súa titularidade, non asumindo a Xunta de Galicia os gastos bancarios que se derivasen desta actuación.

SEXTA.- Xustificación do proxecto

A xustificación da execución do proxecto efectuarase por parte de Solidariedade Internacional de Galicia con data límite do 15 de xaneiro de 2026.

A xustificación final da realización das actividades subvencionadas e da consecución dos obxectivos previstos revestirán a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de conformidade co establecido nos artigos 28 da Lei 9/2007 e 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



A entidade beneficiaria deberá presentar un informe que constará de dúas partes:

1ª parte: xustificación técnica, que incluírá:

- Un informe final sobre os obxectivos, as actividades realizadas e os resultados obtidos.
- Unha certificación acreditativa do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención e da aplicación dos fondos á finalidade destinada, expedida polo órgano competente de Solidariedade Internacional de Galicia.
- Táboa de medición dos Indicadores de Rendición de Contas (IRC).

2ª parte: xustificación económica, que incluírá:

- Unha certificación de gastos do proxecto por partidas orzamentarias e na que se indique as distintas fontes de financiamento, expedida polo órgano competente de Solidariedade Internacional de Galicia.
- Unha declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11, letra d), da citada Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aportada pola entidade líder en representación de todas as entidades asinantes.
- Unha relación de todos os gastos efectuados con identificación da data, número das facturas ou dos documentos xustificativos, identificación do emisor dos mesmos, descrición do gasto, importe en euros e data e forma de pago dos mesmos.
 - As facturas ou outros documentos xustificativos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior, así como a documentación acreditativa dos pagamentos.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Esta subvención será compatible con calquera outra procedente doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados para a mesma finalidade, sempre que o importe total das mesmas non supere o custo total do proxecto subvencionado.

Os rendementos financeiros que fosen xerados polos fondos librados aos beneficiarios incrementarán o importe da subvención concedida e aplicaranse igualmente ás actividades subvencionadas.

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Con carácter previo á realización da copia, é obrigatoria a impresión dun selo-dilixencia en todos os documentos orixinais (facturas, recibos ou outros) de gastos. Nela debe figurar



«Convenio financiado pola XUNTA DE GALICIA», ano do financiamento e título abreviado do proxecto, indicando ademais o tanto por cento de financiamento que lle imputa a cada financiador. No suposto de documentos de gasto nos que resulte imposible a impresión de tal selo-dilixencia, como consecuencia do seu tamaño, acompañaranse cunha relación dos mesmos na que se faga constar a mencionada dilixencia.

SÉTIMA.- Facultades de inspección

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

OITAVA.- Publicidade

As entidades asinantes obríganse a incorporar de forma visible en todas as accións derivadas das actividades subvencionadas (placas, letreiros, carteis, publicacións, material de difusión, publicidade e outros medios análogos) o logotipo oficial da Cooperación Galega, todo iso en formato duradeiro e material resistente para a debida difusión da orixe da subvención. Cando as organizacións financiadas exhiban o seu propio logotipo, o da Cooperación Galega deberá figurar co mesmo tamaño e con iguais condicións de seguridade. O logotipo se poderá descargar da páxina web da Cooperación Galega <https://cooperacion.xunta.gal/>.

Ademais, en todas as actuacións que se leven a cabo deberá sinalarse que as axudas están a ser financiadas con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, Ministerio de Igualdade, deixando constancia se fora o caso, na sinalización exterior dos lugares onde se realicen as accións, e sempre nas actividades de difusión, que estas se financian cos mencionados fondos.

NOVENA.- Seguimento do convenio

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha Comisión Mixta, integrada por unha persoa representante da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, designada pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, unha persoa representante da Consellería de Política Social e Igualdade, designada pola Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, e unha persoa representante das entidades asinantes.

A Comisión Mixta ditará a súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes.

As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.



- Calquera outra relacionada co desenvolvemento do presente convenio.

DÉCIMA.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- a) Pola aplicación dos fondos para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- b) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute o investimento obxecto da subvención.
- c) Polo desistimento das entidades asinantes.

De resolverse o convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá, no seu caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor o día seguinte da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

Sen prexuízo do anterior, poderanse incluír as actuacións iniciadas dende o mes de xaneiro de 2025, conforme ao establecido nos artigos 2, apartado 1.b), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 2.2.b do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA.- Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas no prazo dun mes, previo informe ou proposta da Comisión Mixta, pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos establecidos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa, para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

DÉCIMO TERCEIRA.- Portal da Transparencia

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicase a subscrición deste convenio á Base de Datos



Nacional de Subvencions, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencions

DÉCIMO CUARTA. - Devolución voluntaria da subvención

De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencions de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, con anterioridade ao requirimento previo da Administración, a entidade beneficiaria poderá realizar con carácter voluntario a devolución do importe da axuda obxecto de reintegro.

Esta devolución efectuarase mediante ingreso na conta operativa do Tesouro da Xunta de Galicia que corresponda, de acordo co previsto no artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e a disposición adicional terceira da Lei 1/2023, do 20 de febreiro, de Cooperación para o Desenvolvemento Sostible e a Solidariedade Global.

A entidade beneficiaria deberá presentar, ante o órgano concedente, copia xustificativa da devolución voluntaria realizada na que conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.

DÉCIMO QUINTA.- Reintegro por incumplimento

Se as entidades beneficiarias incorresen en falsidade ou ocultación de datos ou non acreditasen, total ou parcialmente, o bo fin das cantidades percibidas, deberán proceder ao reintegro da totalidade das mesmas en caso de incumplimento pleno, ou da parte proporcional en caso dunha falta parcial de xustificación, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades administrativas e penais que procedan.

De acordo co que establece o artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 8 de xaneiro, cada unha das entidades beneficiarias responderá dos fondos asumidos para a xestión do proxecto.

Así mesmo, as entidades beneficiarias deberán reintegrar a subvención nos demais supostos previstos na normativa de aplicación.

DÉCIMO SEXTA.- Modificación do convenio

O presente convenio poderá ser modificado por mutuo acordo das partes a través da subscrición da correspondente addenda modificativa, que deberá ser subscrita polas mesmas autoridades que asinan este convenio.

DÉCIMO SÉTIMA. – Protección de datos

Ambas as partes comprométese a cumprir co disposto no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo ás persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos



(RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Os datos persoais proporcionados polas partes á firma do presente convenio incluíranse en senllos ficheiros, cuxa titularidade corresponde a cada unha das partes. Devanditos datos persoais serán unicamente tratados co fin de posibilitar a execución do presente convenio. Os datos persoais facilitados á firma do presente convenio poderán ser cedidos a favor dun terceiro sempre que iso sexa necesario para a debida execución ou xestión do obxecto deste convenio e que desempeñe actividades análogas ás descritas no mesmo, previo consentimento por escrito por ambas as partes.

No caso de que unha das partes tivese que acceder a datos de carácter persoal que se atopen en ficheiros cuxo responsable sexa a outra parte, deberá subscribirse, previamente, un contrato de Encargado de Tratamento, en calquera caso, devanditos datos non poderán ser utilizados para finalidades diferentes ás indicadas no convenio.

A transgresión do deber de confidencialidade, así como da obrigaón de non utilizar indebidamente e de non ceder a terceiros de datos de carácter persoal, por calquera das partes ou de calquera dos seus empregados ou colaboradores, será xusta causa de resolución ou rescisión do presente convenio se así o considera oportuno a outra parte, debendo ser a parte non incumpridora resarcida por calquera dano ou prexuízo causado pola parte incumpridora.

Así mesmo, ambas as partes non poderán subcontratar cun terceiro a realización dos compromisos obxecto do presente convenio, cando esta poida implicar o tratamento de datos persoais titularidade da outra parte, salvo que expresamente estoutra parte consintao por escrito.

Ambas as partes garantirán os dereitos das persoas afectadas e adoptarán cantas medidas de seguridade, de índole técnica e organizativa, sexan necesarias para evitar a alteración ou perda dos datos persoais, así como o acceso non autorizado aos mesmos.

O titular dos datos persoais poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición, supresión, limitación do tratamento e portabilidade, respecto do tratamento do que cada parte é respectivamente responsable, dirixíndose por escrito indicando "Protección de Datos" e acreditando a súa identidade (foto-copia do DNI do interesado) nas seguintes direccións: para a parte da Xunta de Galicia en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos> e para a outra parte en direccion@solidaridadgalicia.org, comprometéndose en calquera caso cada parte para comunicar á outra as rectificacións ou supresións que procedan respecto dos datos persoais cedidos.

As partes non cederán a terceiros os datos persoais dos asinantes salvo que a lei así o estableza. Así mesmo, os afectados quedan informados de que, se consideran que non se trataron os seus datos persoais de acordo coa normativa de protección de datos, poden contactar co Delegado de Protección de Datos da respectiva parte, se así fóra, nas



seguintes direccións: para a parte da Xunta de Galicia en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos> e para a outra parte en direccion@solidaridadgalicia.org. Igualmente, poderán presentar unha reclamación ou solicitude relacionada coa protección dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

DÉCIMO OITAVA.- Normativa aplicable

O presente convenio rexerá polo disposto na Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, no Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 e demais normativa que sexa de aplicación.

E, en proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase electronicamente polas partes na data indicada.

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes A conselleira de Política Social e Igualdade

Diego Calvo Pouso

Fabiola García Martínez

Solidaridade Internacional
de Galicia

Asociación Galega de
Comunicación para o
Cambio Social
(AGARESO)

Asociación Ecos do Sur

Rubén Campo Gil

Lorena Seijo Sanmiguel

María Marcela Fernández Cioccale

ANEXO

OBXECTIVO ESPECÍFICO: Desenvolver estratexias de acollida temporal a mulleres defensoras de dereitos humanos en Galicia que melloren as condicións de seguridade e benestar nas que realizan o seu traballo de defensoría.

RESULTADO 1.1: DESEÑADA, COORDINADA E AVALIADA A SEGUNDA EDICIÓN DE GALICIA ABRIGA.

ACTIVIDADE 1.1.1: Reunións de coordinación de espazos de traballo interinstitucional co equipo xestor e rede de apoio do programa.

ACTIVIDADE 1.1.2: Identificación e xestión de novas vías de financiamento que garantan a viabilidade económica do programa.

ACTIVIDADE 1.1.3: Participación en redes que posibiliten o intercambio e aprendizaxe mutuo entre programas e iniciativas similares.

ACTIVIDADE 1.1.4: Coordinación do encontro anual da Red Pro-Tejer en Galicia.

ACTIVIDADE 1.1.5: Actualización e difusión das bases do I Programa de Acollida Temporal a mulleres Defensoras de Dereitos Humanos en Galicia.

ACTIVIDADE 1.1.6: Selección das mulleres participantes do programa.

ACTIVIDADE 1.1.7: Avaliación do I Programa Galego de acollida temporal a mulleres defensoras de Dereitos Humanos.

RESULTADO 1.2: AMPLIADA A CAPACIDADE DE DENUNCIA, VISIBILIZACIÓN E CONCIENCIACIÓN SOCIAL DO PROGRAMA A TRAVÉS DUNHA ESTRATEXIA DE INCIDENCIA INTEGRAL.

ACTIVIDADE 1.2.1: Deseño e implementación dunha estratexia de comunicación do proxecto Galicia Abriga e do papel das entidades e institucións participantes/colaboradoras.

ACTIVIDADE 1.2.2: Deseño e implementación dunha estratexia de incidencia social e política adaptada a cada defensora, incluíndo a elaboración de materiais específicos.

ACTIVIDADE 1.2.3 Asesoramento e formación específica das mulleres para a relación con medios de comunicación e a realización de presentacións públicas.

ACTIVIDADE 1.2.4 Xestión de medios de comunicación, web e redes sociais do proxecto.

RESULTADO 1.3: ACOLLIDAS E ACOMPAÑADAS 3 DEFENSORAS DE DEREITOS HUMANOS NUNHA ESTANCIA TEMPORAL EN GALICIA DE POLO MENOS 3 MESES.

ACTIVIDADE 1.3.1: Preparación da acollida de tres mulleres defensoras de dereitos humanos en Galicia.

ACTIVIDADE 1.3.2: Elaboración da axenda das mulleres defensoras durante os tres meses de acollida.

ACTIVIDADE 1.3.3: Acollida e acompañamento das mulleres defensoras durante os tres meses de acollida.

ACTIVIDADE 1.3.4: Elaboración dunha estratexia de regreso e seguimento unha vez finalizase a acollida.



2.- FINANCIAMIENTO

FINANCIAMIENTO XUNTA DE GALICIA

Partidas orzamentarias	TOTAL
Gastos de persoal	39.345,07 €
Axudas de custo, gastos de desprazamento	2.500,00 €
Avaliación externa	1.800,00 €
Custos de xestión	4.366,93 €
TOTAL	48.012,00 €
ACHEGA ENTIDADES ASINANTES	2.574,48 €
OUTROS FINANCIADORES PÚBLICOS: UE-Protect Defender	17.540,03 €
CUSTO TOTAL DO PROXECTO	68.126,51 €

